

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE XUÑO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:40 horas do día 28 de xuño de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 26 de xuño de 2018 (orde do día ampliada o 27 de xuño), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Secundino Otero Faílde
D. Óscar Couce Senra (asiste ao punto 2 e 3)
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste ao punto 4a)
D. Jesús Núñez-Torrón López (asiste ao punto 4b)
D^a. Carmen Pintado García (asiste aos puntos 8 e 9)
D. José Ángel Lago Filgueira (asiste ao punto 11b)
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste ao punto 11c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 20 de xuño de 2018**

Apróbbase a acta da sesión do 20 de xuño de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D^a. María Jesús Lago Rey.

b) Acta da sesión do 21 de xuño de 2018

Apróbbase a acta da sesión do 21 de xuño de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. Secundino Otero Faílde.

c) Acta da sesión do 25 de xuño de 2018

Apróbbase a acta da sesión do 25 de xuño de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. Secundino Otero Faílde.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto do contrato administrativo especial para a venda por procedemento aberto da parcela municipal no 3.928 do inventario municipal



de bens e dereitos do concello de Vigo (19989-240)

A secretaria le o listado de licitadores presentado a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda admitir neste procedemento a ATTICA 21 HOTELES, S.L.U., por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto do contrato administrativo especial para a venda por procedemento aberto da parcela municipal no 3.928 do inventario municipal de bens e dereitos do concello de Vigo (19989-240)

En acto público, ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” do único licitador presentado e admitido. A presidenta e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación dun grupo electrógeno (8.447-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público ábrese o Sobre C “*Proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Incremento prazo garantía (nº meses)	Eficiencia de carga ao 100%	Incremento autonomía (nº horas)	Nivel de ruído
1	ACELEC INSTALACIONES ELÉCTRICAS, S.L.	30.218,28€	12	110%	6 horas	64Db
2	SMG IBERIA, S.L.	33.819,50€	24	100%	10 horas	64Db

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:21	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4H-CFD2B4-EB2B4D-5YPZMU-HHZ1AU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público ábrese o Sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Persoal adscrito
1	FUNDACIÓN ALDABA	2.755.654,83€	2 educadores sociais a xornada completa
2	CLECE, S.A.	2.837.995,60€	-

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D. José Antonio Virola, con DNI 53180518X, en representación de CLECE, D^a. Noemí Pérez Lozano, con DNI 36162289X, en representación de CLECE, D. Juan Martínez Gómez, con DNI 53181541G, como representante dos traballadores e D^a. Adela Piñeiro Pérez, con DNI 36041687C, en representación de Fundación ALDABA.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789-449)(informe sobre B)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Transportes e o enxeñeiro de Edificación Municipal o 25 e 26 de xuño 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789-449)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola xefa do Servizo de Transportes e o enxeñeiro de Edificación Municipal o 25 e 26 de xuño 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

11.- Propostas de adxudicación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:21	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4H-CFD2B4-EB2B4D-5YPZMU-HHZ1AU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (29.372-220)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (29.372-220)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de xuño de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (29.372-220) na seguinte orde descendente:

LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD	80
PREVINEM	74,41
COORDINACIÓN DE SEGURIDAD Y PROYECTOS	67,15
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	66,04
PEDRO MURCIEGO DELGADO	61,24

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L.**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:21	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4H-CFD2B4-EB2B4D-5YPZMU-HHZ1AU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 941,94 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L., o día 12 de xuño de 2018, que presenta a documentación requirida o 21 de xuño de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 16 e 21 de maio e 4 de xuño de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L. o procedemento aberto para



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:21	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4H-CFD2B4-EB2B4D-5YPZMU-HHZ1AU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a contratación dos servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (29.372-220) por un prezo total de 67.706,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.750,76 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611)

Comunícase aos membros da Mesa que con data 12 de xuño de 2018 se notificou o acordo de clasificación a VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A. e se lle requiriu a correspondente documentación, que foi presentada o 21 de xuño. Unha vez comprobada pola Mesa de Contratación, resultando incompleta a documentación, acórdase por unanimidade:

- Conceder un prazo de tres días hábiles a VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A. para que complete a documentación requirida o 12 de xuño de 2018. Concretamente, deberá acreditar a habilitación profesional segundo o esixido no apartado 6D do Anexo I -FEC- do PCAP (“Os licitadores deberán cumprir o establecido no artigo 36 do RD 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE), debendo ter presentado, con carácter previo ao inicio da actividade, ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia a correspondente declaración responsable na que o titular ou representante legal manifieste que cumpre os requisitos que se esixen no referido regulamento. Así mesmo, deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 37 (requisitos para o exercicio da actividade)”. “Igualmente, deberán dispor da habilitación recollida no artigo 9 do RD 56/2016, de 12 de febreiro, polo que se traspón a Directiva 2012/27/UE, de 25 de outubro de 2012, relativo á eficiencia enerxética, auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia do subministro de enerxía e cumprir os requisitos para exercer a actividade profesional de provedores de servizos enerxéticos contemplados no artigo 7”).

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo polo emprego da mocidade II” (14.943-77)

Comunícase aos membros da Mesa que con data 18 de xuño de 2018 se notificou o acordo de clasificación a ESTUDIOS MEGA S.L. e se lle requiriu a correspondente documentación, que foi presentada o 25 de xuño. Unha vez comprobada pola Mesa de Contratación, resultando incompleta a documentación, acórdase por unanimidade:

- Conceder un prazo de tres días hábiles a ESTUDIOS MEGA S.L. para que complete a documentación requirida o 18 de xuño de 2018. Concretamente,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:21	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4H-CFD2B4-EB2B4D-5YPZMU-HHZ1AU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

deberá acreditar a habilitación profesional segundo o esixido no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP (“Os licitadores deberán dispor da acreditación e inscrición do centro ou entidade de formación para a/as especialidade/s formativa/s obxecto do contrato, no Servizo Público de Emprego Estatal ou órgano competente da Comunidade Autónoma, conforme ao Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego”).

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240)

Dáse conta da interposición dos seguintes recursos por D. Francisco Javier Valverde Ríos, en representación de VIGO EVENTOS, S.L.:

1. Recurso de alzada, interposto o 14 de xuño de 2018 contra o acordo da mesa polo que se lle exclúe do procedemento
2. Recurso de reposición, interposto o 25 de xuño de 2018 contra o acordo de adxudicación do contrato

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:21	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4H-CFD2B4-EB2B4D-5YPZMU-HHZ1AU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		